

# MANUAL DE USO PARA ALUMNADO

Proxecto levado a cabo cunha licenza de formación durante o curso 2023-24
polas profesoras **Estela Suárez Recouso** e **Susana González Vázquez**.

Este proxecto está protexido por unha licenza
Creative Commons Atribución- Non comercial – Compartir igual 4.0

## Descrición do recurso

O proxecto “Botar a lingua a pracer” consta de cinco apartados:

1. Compañeiro Daniel
2. O camiño de Nós
3. Constelación vangarda
4. Vivir por e para Galicia
5. Faládelle de nós
6. Para coñecer mellor o noso proxecto









Vivir por e para Galiza



Faládelle de nós



En cada unha das unidades, vas atopar os mesmos apartados:

Constelación vangarda



Podcast e transcrición

Cuestionario

Galería de fotos

Actividades de creación

Actividades de ampliación

| ACTIVIDADE | DESCRICIÓN |
| --- | --- |
|  | Aquí atoparás o podcast e a súa transcrición por escrito, por se tiveses algunha dúbida sobre os diálogos que se escoitan. |
| **Cuestionario** | Realizarás un test na aula virtual cun número libre de intentos e sen límite de tempo. Serviráche de autoavaliación, para saber se debes escoitar de novo o podcast ou se entendiches todo á primeira. |
|  | Para axudar na comprensión do que se está a narrar en cada podcast, acompáñase este dunha galería de imaxes que permitirán visualizar algúns dos feitos e personaxes descritos. |
| **Actividades de creación** | Serán actividades nas que vas ter que desenvolver a túa creatividade e imaxinación. O punto de partida será sempre unha breve información do tema. Tamén terás consellos que deberás seguir para acadar a mellor puntuación. |
| **Actividades de ampliación** | No podcast non podemos ofrecer con detalle moitos datos que cremos importantes. Estes exercicios terán como obxectivo afondar en temas, personaxes, aspectos… relacionados co tema que estamos a tratar. |

Para acceder ao contido de cada apartado, unicamente haberá que pinchar sobre a icona correspondente, abríndose así cadanseu apartado:





Entendiches o que escoitaches? Cuestionario



Resolve o cuestionario para comprobares que escoitaches con atención

Método de cualificación: Cualificación máis alta



Poesía vangardista



**Poesía vangardista**

**Creacionismo, imaxinismo e neotrobadorismo en Galicia**

Ler



Dos arquivos do trasno



**Dos arquivos do trasno**

Ler

Nalgúns casos, terás exercicios interactivos, que deberás realizar na propia aula e que poderás corrixir ti mesmo/a:



Noutros casos, o profesorado encargarase da corrección ou supervisión. Será quen decida cando e como deberedes entregar o exercicio:




